



A TODOLOS TRABALLADORES DO METAL

O pasado día 12 os traballadores/as afectados pola negociación do Convenio Provincial do Metal demandamos a solidariedade dos compañeiros/as das do Sector con convenio Propio.

Dúas foron as razóns principais:

Primeiro, o Convenio Provincial, segue a ser a guía de tódolos convenios, incluídos os que hoxe son de empresa, particularmente en materia social, en consecuencia do resultado desta negociación dependería unha gran maioría de tódolos traballadores/as no sector Metalúrxico.

Segundo, nesta ofensiva sen precedentes, que esta a dificultar un acordo razoable, os Representantes das empresas afectadas polo Convenio Provincial, non están solos, senón que contan con todo o apoio das grandes patronais galegas como estatais. Tanto é así, que incluso deixaron en evidencia a postura tomada polo Presidente da Xunta cando afirmou o día 13 que este conflito se resolvía nese fin de semana. Foi tal o desprezo que nin tan sequera quixeron reunirse cos sindicatos.

Se alguén lle queda algunha dubida, non ten mais que asomarse polas rúas e observar como as manifestacións pacíficas dos traballadores/as son acompañadas polos máis de 1000 policía que a día de hoxe teñen tomada a Cidade de Vigo.

Porque nesta negociación todos/as temos algo que perder ou que ganar, a **C.I.G.**, e de non mediar un PRE-ACORDO, quere volver darlle a oportunidade a todos aqueles traballadores/as con Convenio Propio que queiran compartir este XOVES DÍA 25 a Folga convocada para todo o Sector. Iso si, sen enfrontamentos entre traballadores/as, senón dende o exercicio democrático que como clase temos o dereito a poñer en práctica como é **A DEFENSA DAS CONDICIÓN DE VIDA NO TRABAJO.**

Asdo.

OS TRABALLADORES/AS DO CONVENIO PROVINCIAL DO METAL